

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

14728 Orde TEC/1023/2019, do 10 de outubro, pola que se establece a data a partir da cal será exigible a constitución da garantía financeira obrigatoria para as actividades do anexo III da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, clasificadas como nivel de prioridade 3, mediante a Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño.

A Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, que traspuxo ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2004/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, sobre responsabilidade ambiental en relación coa prevención e reparación de danos ambientais, estableceu un novo réxime administrativo de prevención e reparación de danos ambientais baseado no principio de precaución e no principio de «quen contamina paga».

A Lei 26/2007, do 23 de outubro, establece diversas obrigacións aos operadores que ocasionen danos ao ambiente ou ameacen con ocasionalos. Deste modo, os operadores ante unha ameaza de dano ambiental deben adoptar as medidas necesarias para previlo ou, cando o dano se producise, para limitalo e evitar que se produzan novos danos, así como devolver os recursos naturais danados ao seu estado básico, entendido como aquel en que se encontraban antes de que ocorrese o dano.

Por outro lado, a Lei 26/2007, do 23 de outubro, establece no seu artigo 24 que os operadores das actividades incluídas no seu anexo III, sen prexuízo das exencións previstas no artigo 28, deberán dispor dunha garantía financeira que lles permita facer fronte á responsabilidade ambiental inherente á actividade ou actividades que pretendan desenvolver. Ese mesmo artigo indica que a cantidade que, como mínimo, deberá quedar garantida será determinada polo operador segundo a intensidade e extensión do dano que a súa actividade poida causar, e que partirá da análise de riscos ambientais da actividade ou das táboas de baremos que se realizarán de acordo coa metodoloxía que regulamentariamente se estableza.

Neste contexto, o Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, aprobado polo Real decreto 2090/2008, do 22 de decembro, regula as cuestións fundamentais da garantía financeira obrigatoria, entre as que se encontran, entre outras, o procedemento para determinar a súa contía, as súas modalidades e a determinación dos operadores que quedan obrigados á súa constitución e daqueles que quedan exentos da dita obrigación.

Deste modo, o artigo 33 do Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, establece que a determinación da garantía financeira partirá da análise de riscos ambientais da actividade e establece o procedemento que hai que seguir para a determinación da súa contía. De acordo con ese mesmo artigo, o operador, unha vez determinada a contía da garantía financeira e, se for o caso, constituída, deberá presentar á autoridade competente unha declaración responsable coa información mínima que se indica no anexo IV do regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro. A autoridade competente establecerá os correspondentes sistemas de control que permitan comprobar o cumprimento das obrigacións previstas nese artigo.

Así mesmo, o Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, prevé a posibilidade de realizar, con carácter voluntario, análises de riscos ambientais sectoriais e táboas de baremos, co obxecto de facilitar a avaliación dos escenarios de risco e reducir o custo de realización das análises de riscos ambientais. Sobre os instrumentos de análise de riscos sectoriais deberá emitir informe favorable a Comisión Técnica de Prevención de Danos Ambientais para que poidan ser utilizados

como base polos operadores destes sectores de actividade, para o desenvolvemento das súas análises de riscos ambientais individuais.

A disposición derradeira primeira do Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, indica que as análises de riscos ambientais necesarias para o cálculo da contía da garantía financeira non deberán levarse a cabo con carácter obrigatorio até a data a partir da cal sexa exixible a constitución da garantía financeira. Igualmente, a disposición derradeira primeira indica que sobre os instrumentos de análise de risco sectorial deberá emitir informe favorable a Comisión Técnica de Prevención de Danos Ambientais, antes da data a partir da cal sexa exixible a constitución da garantía financeira obrigatoria para cada sector de actividade.

A disposición derradeira cuarta da Lei 26/2007, do 23 de outubro, establece que a data a partir da cal será exixible a constitución da garantía financeira obrigatoria para cada unha das actividades do anexo III determinarase mediante orde da ministra para a Transición Ecolóxica, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos e logo de consulta ás comunidades autónomas e aos sectores afectados. Así mesmo, establece que esas ordes ministeriais se aprobarán a partir do 30 de abril de 2010.

Neste contexto, o 29 de xuño de 2011 publicouse no «Boletín Oficial del Estado» a Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, pola que se establecen a orde de prioridade e o calendario para a aprobación das ordes ministeriais a partir das cales será exixible a garantía financeira obrigatoria, prevista na disposición derradeira cuarta da Lei 26/2007, do 23 de outubro.

A Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, estableceu un calendario gradual para a elaboración das ordes ministeriais a que se refire a disposición derradeira cuarta da Lei 26/2007, do 23 de outubro, e estableceu unha priorización das actividades económicas do anexo III da lei. Desta maneira, establecéronse os prazos para os distintos niveis de prioridade, para a aprobación das ordes ministeriais que determinarían a efectiva aplicación da garantía financeira de responsabilidade ambiental.

Deste modo, a Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, establece que as ordes ministeriais que determinarían a data de exixibilidade da garantía financeira obrigatoria para os sectores de actividade clasificados co nivel de prioridade 1 se publicarían entre os dous e tres anos seguintes á entrada en vigor desa orde, as relativas aos sectores clasificados co nivel de prioridade 2, entre os tres e cinco anos seguintes, e as relativas a os sectores de actividade clasificados co nivel de prioridade 3, entre os cinco e oito anos seguintes.

En cumprimento do establecido pola disposición derradeira cuarta da Lei 26/2007, do 23 de outubro, e pola Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, o 30 de outubro de 2017 publicouse no «Boletín Oficial del Estado» a Orde APM/1040/2017, do 23 de outubro, pola que se establece a data a partir da cal será exixible a constitución da garantía financeira obrigatoria para as actividades do anexo III da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, clasificadas como nivel de prioridade 1 e 2 mediante Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, e pola que se modifica o seu anexo.

A entrada en vigor da Orde APM/1040/2017, do 23 de outubro, supuxo a aplicación efectiva da obrigación de constituír a garantía financeira prevista no artigo 24 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, que se realizará de maneira gradual conforme o establecido na Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, para as actividades do anexo III da Lei 26/2007, do 23 de outubro.

Adicionalmente, a Orde APM/1040/2017, do 23 de outubro, modificou o anexo da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, co obxectivo de que este recolla exclusivamente aquelas actividades que quedan suxeitas á obrigación de constituír garantía financeira, que son aquelas incluídas no artigo 37.2 do Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro. Adicionalmente, no anexo modificado da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, actualizouse a relación de actividades ás cales afecta o texto refundido da Lei de prevención e control integrado da contaminación, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, e o Real decreto 815/2013, do 18 de

outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

A presente orde ministerial ten por obxecto fixar a data a partir da cal será exigible a constitución da garantía financeira obrigatoria prevista no artigo 24 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, para as actividades do seu anexo III, clasificadas con nivel de prioridade 3 conforme o anexo da Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, de acordo co establecido na disposición derradeira cuarta da Lei 26/2007, do 23 de outubro, e co calendario establecido na Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño.

O texto estrutúrase en dous artigos que regulan a data a partir da cal se exixirá a garantía financeira e dúas disposicións derradeiras sobre os títulos competenciais e a entrada en vigor.

A presente norma adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, en particular, aos principios de necesidade e eficiencia.

A razón de interese xeral en que se funda deriva da exixencia de establecer a data a partir da cal será exigible a constitución da garantía financeira obrigatoria que regula a lei. Desta forma, garántese a adecuada protección do ambiente mediante o cumprimento efectivo dos principios de prevención e de quen contamina, paga. A aprobación desta orde considérase o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución, xa que así se recolle no artigo 24 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, e se impón de forma obrigatoria para todos os operadores que actúan en territorio español.

Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, posto que contén as medidas imprescindibles para a protección do ambiente, xa que a cantidade que, como mínimo, deba quedar garantida responde á actividade que o operador vaia desenvolver e á intensidade e extensión do dano que esta poida ocasionar. Ademais, partírase dunha análise de riscos ambientais que determinará, da forma máis restritiva e máis obxectiva posible, a contía da garantía en igualdade de condicións para todos os operadores.

De acordo co principio de seguridade xurídica, a norma é coherente co ordenamento xurídico nacional e internacional, en particular coa Directiva 2004/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, sobre responsabilidade ambiental en relación coa prevención e reparación de danos ambientais, e co artigo 24 e disposición derradeira cuarta da Lei 26/2007, do 23 de outubro. Neste sentido, os informes da Comisión Europea de 2010 e 2016 sobre a avaliación da aplicación da directiva destacan o avance español no desenvolvemento de directrices de avaliación económica e técnica, e no desenvolvemento de ferramentas de análise de risco ambiental, o que demostra o alto grao de adecuación ao dereito comunitario, malia que non impón unha garantía obrigatoria para todos os Estados membros, e unha correcta incorporación deste ao ordenamento español a través da lei, o seu regulamento de desenvolvemento e as ordes ministeriais sobre a garantía financeira.

Conforme co principio de transparencia, na elaboración da norma seguíronse todos os procesos de participación e audiencia públicas que establece a normativa vixente: substanciouse a consulta pública previa, consultáronse os axentes económicos e sociais, as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla, así como as entidades locais e os sectores máis representativos potencialmente afectados. Ademais, o proxecto someteuse ao Consello Asesor do Medio Ambiente e ao trámite de participación pública, de acordo co disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE), e na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

En aplicación do principio de eficiencia, a norma non contén novas cargas administrativas e non suporá incremento dos recursos humanos e económicos para a Administración.

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.11.^a e 23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencias sobre a lexislación básica de seguros e lexislación básica

sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección.

A presente orde someteuse á Comisión Técnica de Prevención e Reparación de Danos Ambientais. Así mesmo, durante o seu proceso de tramitación consultáronse, entre outros, as comunidades autónomas, o Consello Asesor de Medio Ambiente e os sectores afectados, e foi posta á disposición do público en xeral.

A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, mediante Acordo do 26 de setembro de 2019, autorizou a ministra para a Transición Ecolóxica para a adopción desta orde.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, e logo de Acordo da Comisión Delegada para Asuntos Económicos, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer a data a partir da cal será exigible a garantía financeira prevista no artigo 24 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, ás actividades clasificadas con nivel de prioridade 3 na Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, pola que se establecen a orde de prioridade e o calendario para a aprobación das ordes ministeriais a partir das cales será exigible a garantía financeira obrigatoria, previstas na disposición derradeira cuarta da Lei 26/2007, do 23 de outubro.

Artigo 2. *Data da obrigatoriedade de constituír garantía financeira.*

As actividades clasificadas con nivel de prioridade 3 na Orde ARM/1783/2011, do 22 de xuño, deberán dispor dunha garantía financeira que lles permita facer fronte á responsabilidade ambiental inherente á actividade ou actividades que pretendan desenvolver, no prazo de dous anos contados desde a data de entrada en vigor da presente orde, a excepción das actividades de cría intensiva de aves de curral ou de porcos que deberán dispor da garantía financeira no prazo de tres anos contados desde a data de entrada en vigor da presente orde.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre lexislación básica de protección do ambiente, e no artigo 149.1.11.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre as bases da ordenación de seguros.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 10 de outubro de 2019.—A ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera Rodríguez.